

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 18 DE FEBREIRO DE 2026

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezoito de febreiro de 2026, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D. JORGE BUSTOS ATANASIO. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

Acórdase a aprobación das actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do 7, 14, 21, 28 de xaneiro e 4 de febreiro de 2026.

ÁREA DE GOBERNO DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

1. URBANISMO.- Acórdase a aprobación do proxecto de modificación puntual número 5 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lugo.

2. XUVENTUDE.- Acórdase a aprobación das bases reguladoras do premio de deseño gráfico "Arde Lucus 2026".

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a incoación de expediente de penalidade por incumprimento na execución do contrato da realización de actividades extraescolares nos centros públicos de infantil e primaria do Concello de Lugo. Exp. ref. 2024/C003/000031.

Acórdase aprobar a 2ª prórroga do contrato dende o 25/04/2026 ata o 24/04/2027 na contratación da subministración de papel para fotocopadoras e

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac806231862045576531.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-2-2026

impresoras. Exp. ref. 2024/C004/000003.

Acórdase a aprobación do proxecto de obra, do prego de cláusulas administrativas, e do gasto e apertura do procedemento aberto simplificado na contratación da obra de reparación do acceso á Praza de Abastos de Lugo pola rúa Tuñas Couzón. Exp. ref. 2025/C002/000027.

Tamén se acord a a modificación do contrato correspondente a xestión do servizo público de transporte regular de viaxeiros na modalidade de concesión no Concello de Lugo asinado o 18 de marzo de 2016 en canto a modificación liñas do transporte público urbano 1.2, 3.2, e 5.2-5ds. Exp. ref. 2022/C009/000001.

Así mesmo, acordase a desestimación do recurso de reposición contra acordo da Xunta de Goberno Local 3/2026 de inadmisión de solicitude de modificado e recusación da dirección de obra no contrato das obras de humanización na rúa Milagrosa exp. 2024/C002/000014.

Do mesmo xeito, acordase a adxudicación na contratación da obra de rexeneración de pavimentos no Cemiterio de San Froilán rúas 1 e 2. exp ref: 2025/C002/000030.

Acórdase a aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e apertura do procedemento aberto simplificado abreviado na contratación da subministración de teas aos colexios para o Arde Lucus e a apertura do procedemento de adxudicación. exp. ref. 2026/C004/000001.

Tamén se acorda a 2ª prórroga dende o 20.02.2026 ata o 19.02.202711 no contrato do servizo de mantemento, conservación e reparacións das instalacións deportivas municipais do Concello de Lugo. Exp. ref. 2023/C003/000029.

Así mesmo, acórdase a incoación de expediente de resolución do contrato por demora no cumprimento de prazos na contratación das obras de humanización da rúa Milagrosa de Lugo (tramo comprendido entre rúa Mallorca e rúa Xulia Minguión). Exp ref: 2024/C002/000014.

Acórdase a adxudicación na contratación da obra de mellora na rúa Picasso.
Exp. ref. 2025/C002/000029.

4. PERSOAL.- Acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de 2 prazas de oficial sepultureiro/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (OPE 2025).

Tamén se acorda a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de oficial vixiante recadador/a acceso libre (OEP 2023).

Acórdase a designación dos membros do tribunal cualificar do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de oficial cociñeiro/a, acceso libre(OEP 2023).

Do mesmo xeito, acórdase a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de arquitecto técnico/a acceso libre (OEP 2023).

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA VECIÑANZA

5. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.- Acórdase a resolución de alegacións no expediente de aprobación das autorizacións para a venda ambulante no mercado de Frigsa, ano 2026

Fóra da orde do día

- Contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde dos contratos de servizo de mantemento, conservación e reparación dos CEIPS e escolas infantís, das instalacións deportivas e dos edificios municipais. Exp. Rfe.: 2024/C003/000003. 2ª prórroga do contrato dende o 20/02/2026 ata o 19/02/2027.

- Proxecto técnico de “rehabilitación de firme na avenida Adolfo Suárez de Lugo. Tramo entre glorieta con rúa Serra de Meira-Montero Rios- fin solo urbano. Tramo I.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac806231862045576531.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-2-2026

Lugo".

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.